

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Ponte de Ferreiros

A Ponte de Ferreiros está na parroquia de Montouto, concello de Abadín (Lugo).

»Vianas aí nas pontes pero dicían que eran meigas e fiaban de noite. E si viñan homes de viaxe ou tal non podían pasar que tiñan, tiñan que saca-lo rosario, os homes, o rosario si o levaban, o rosario de San Francisco ou así doutros santos e entón desaparecían aquelas. Dicían que eran bruxas e ou sabe Dios que eran.

[.....]

Aquí na ponte de Ferreiros lle chaman, que aínda aí embaixo hai unhas casas que lles chaman a Serra.

E diz que se poñían unha dun lado e outra do outro da ponte, aquelas mulleres fiando la branca e entón non deixaban pasar, ou tiñan medo ou que sei eu, e entón sacaban o rosario se tiñan cousa bendita no peto, e entón desaparecía todo aquilo. E dicían que eran meigas; eu sabe Dios que era. Ó mellor eran encantos deses».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de CARMEN PALLARES (73 anos), Cabanapallaza, Salgueiro, Montouto. 24 de xaneiro de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004